

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 28/10/2021

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D. ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28/10/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 30 de setembro de 2021
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes setembro de 2021
3. Toma de coñecemento do informe de morosidade correspondente ao 3º trimestre/2021 do Concello e da Fundación de Deportes
4. Toma de coñecemento das subvencións concedidas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021)
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito (04/REC/2021)

7. Aprobación, se procede, do expediente de contratación que rexerá o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar o contrato de servizos denominado “contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa”.

8. Aprobación, se procede, do Convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vilagarcía de Arousa, de colaboración en materia de xestión catastral

9. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio

10. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por depuración de augas residuais

11. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles (IBI)

12. Aprobación provisional, se procede, da Modificación da Ordenanza fiscal I.3 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

13. Exame das alegacións presentadas, e aprobación definitiva, se procede, das Bases Reguladoras de Axudas Municipais de Inclusión Social

14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos no presente mandato

15. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao goberno local a que garanta o mantemento óptimo do campo de fútbol municipal de A Lomba

16. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila en defensa e apoio ás reivindicacións feitas pola plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia

17. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común de mellora de transparencia sobre os datos do Goberno Local

18. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a rehabilitación do peche perimetral do Parque da Compostela

19. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno de España a que retome o Proxecto de Rehabilitación do Paseo Marítimo da

Praia de Compostela

20. Interpelación presentada polo voceiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre a situación do Campo Municipal de Fútbol de A Lomba.

21. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

22. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

23. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 30 DE SETEMBRO DE 2021.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación á acta de 30 de setembro de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 30 de setembro de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2021:

Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Aprobación pregos alumeado Nadal 2021-2022 e Festas Santa Rita e San Roque 2022
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras
- 1 Expediente de Transferencia de créditos
- 6 Expedientes de Xeración de créditos
- 1 Liñas fundamentais do Orzamento 2022
- 1 Rectificación erro en resolución expediente Intervención
- 2 Licenza tenza animais potencialmente perigosos
- 2 Autorización para celebración de bailes e verbenas populares ao aire libre
- 1 Autorización para tirada de fogos
- 2 Imposición sanción por infraccións de tráfico
- 1 Corrección de erro aboamento servizos prestados en domingo durante o mes de xullo
- 1 Declaración xubilación por sentenza a funcionaria
- 1 Dedución de haberes nómina a alumnos/as obradoiro por ausencias non xustificadas
- 1 Desconto de haberes en nómina a empregado municipal por ausencias non xustificadas
- 1 Desestimación recurso dealzada proceso de selección TAE Cultura
- 1 Modificación de nomeamento de auxiliar administrativo vacante por xubilación titular
- 1 Aboamento nocturnidade e domingos agosto
- 5 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 1 Pago en nómina trienios a empregado laboral en servizos especiais
- 1 Comunicación á Xunta de Galicia substitución Tesoureira
- 8 Gratificación por substitución posto de categoría superior
- 1 Reincorporación profesora guitarra do Conservatorio Profesional de Música
- 1 Selección ampliación bolsa Peón de Emerxencias 2021
- 1 Desestimación IIVTNU
- 1 Estimación pagos duplicados
- 6 Estimación beneficios fiscais IVTM

15	Estimación/Desestimación taxas e prezos públicos
8	Estimación compensación de débedas
3	Estimación de recibos
11	Estimación IBI
1	Estimación cambio de xestión de ben inmovible
1	Pago comisións TPV
25	Orden de pago de facturas
1	Pago axudas emerxencia social
1	Pago axudas hostaleiros e outros
1	Cambio de titularidade e ampliación de actividade
2	Autorización concertos
13	Deber de conservación
2	Publicación de anuncio no BOP ou DOG
1	Designación letrados representación Concello en Recurso Contencioso Administrativo
5	Reposición da legalidade urbanística
2	Licenza para ocupación de vía pública con mesas e cadeiras
2	Conformidade a proxecto de execución
1	Prórroga para execución de obras
4	Licenza para ampliación de rede eléctrica
1	Licenza para obras de canalización de gas
1	Legalización obras
3	Declaración ineficacia comunicación previa
9	Licenza de obra maior
5	Licenza para ampliación de rede de telecomunicacións
6	Licenza para acometida á rede de auga e/ou saneamento
35	Comunicación previa para realización de obras
TOTAL 210	

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2021, CONCELLO E FUNDACIÓN DE DEPORTES: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do terceiro trimestre de 2021, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.616.078,57	1.599.983,98
Investimentos reais	869.755,47	109.263,95
Outros pagos realizados por operacións comerciais	7.140,00	599,50
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	2.393.955,24	1.709.847,43

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	893.617,24	121.644,17
Investimentos reais	154.067,03	0
Outros pagos realizados por operacións comerciais	517,00	

Pendientes de aplicar a Orzamento	116.412,85	71.556,65
TOTAL	1.164.614,12	193.200,82

Período medio de pago: 58,00 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	92.404,91	1.130,03
Investimentos reais	5.094,12	726,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		.
TOTAL	97.499,03	1.856,03

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	27.301,50	
Investimentos reais	10.708,55	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	1.305,59	
TOTAL	39.315,64	

Período medio de pago: 26,70 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2021). Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos solicitados ao Plan Provincial de obras e Servizos, así como dos importes concedidos:

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada á Deputación Provincial	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención
CT 06/2020-e “RENOVACIÓN DOS SERVIZOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA SOBRÁN”	LIÑA 1/ POS 2021	600.715,23 €	100%	X.G.L.: 08/03/2021
CT 24/2021-e “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARZOBISPO LAGO”	LIÑA 1/ POS 2021	636.435,80 €	384.990,02 €	R.A. : 30/03/2021

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (04/REC/2021). Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía do seguinte teor:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Xustificantes de gasto contidos na relación F/2021/77 derivados de contratos menores de subministro e servizos realizados nos exercicios 2019 e 2020, que tiveron entrada no rexistro contable entre maio e setembro de 2021 así como xustificación do gasto derivado do convenio urbanístico coa Entidade Urbanística de Conservación de O Cornazo, correspondente o subministro eléctrico na iluminación das vías perimetrais durante os meses de agosto a decembro de 2020, que foi xustificado para o seu abono mediante escrito con entrada en data 17/03/2021.
2. Xustificantes de gasto contidos na relación F/2021/105, correspondentes ao contrato menor de servizo de mantemento e conservación de aparatos elevadores instalados en dependencias municipais ou dependentes do Concello de Vilagarcía, adxudicado na XGL de 01/06/2020, correspondentes o segundo semestre do exercicio 2020 e que tiveron entrada nos meses de xullo e agosto de 2021.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, para a imputación das relacións de facturas F/2021/77 por importe de 17.381,64€ e F/2021/105 por importe de 7.115,28€, anexas á providencia de alcaldía e que totalizan un importe de 24.496,92 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores.

Logo de ver o Informe de Intervención, no que se manifesta a necesidade dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos de competencia plenaria para a aprobación das referidas relacións de xustificantes de gasto e contas xustificativas de subvencións., propoño o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 04/REC/2021 por un

importe global de 24.496,92 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2021 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran nas relacións contables:

Nº RELACIÓN DE FRAS.	DE	Nº RELACIÓN OPAS	IMPORTE
F/2020/77		D/2021/5	17.381,64€
F/2021/105		D/2021/6	7.115,28€
TOTAL			24.496,92 €

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente. As persoas representantes do grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense. En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 04/REC/2021 por un importe global de 24.496,92 €

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaoto votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP(4), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e uha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 04/REC/2021 por un importe global de 24.496,92 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2021 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran nas relacións contables:

Nº RELACIÓN DE FRAS.	Nº RELACIÓN OPAS	IMPORTE
F/2020/77	D/2021/5	17.381,64€
F/2021/105	D/2021/6	7.115,28€
TOTAL		24.496,92 €

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN QUE REXERÁ O PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN ARMONIZADA E TRAMITACIÓN ORDINARIA E MEDIANTE LICITACIÓN ELECTRÓNICA, PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS, XESTIÓN DO PUNTO LIMPO E LIMPEZA VIARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA”.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía para a aprobación das especificacións que rexerán o Contrato de Servizo de "CONTAINERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS, XESTIÓN DO PUNTO DE LIMPEZA E LIMPEZA VIAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA", do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DOS PREGOS QUE REXERÁN O CONTRATO

DE SERVIZOS DE “ CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS, XESTIÓN DO PUNTO LIMPO E LIMPEZA VIARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA”.

Preséntanse ao Pleno da Corporación Municipal os Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento de licitación para adxudicar o contrato de servizos de “ Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa”.

Así mesmo, preséntase a estrutura de custos do servizo citado, que foi informada favorablemente pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia.

O servizo actual de recollida de residuos (fracción resto –contedor verde) e limpeza viaria, préstase actualmente pola empresa Cespa, S.A. (Grupo Ferrovial), o servizo de recollida de papel-cartón e envases lixeiros (contedores azul e amarelo respectivamente) préstase por Coregal e o servizo de recollida de vidro (iglús de cor verde) préstase por Ecovidrio.

O tratamento da fracción resto e a selección de envases lixeiros (contedores verde e amarelo respectivamente) realízase na planta de Sogama en Cerceda.

O proceso de redacción dos pregos que rexerán o presente contrato de servizos comezou dun modo formal coa aprobación polo Pleno da Corporación Municipal o día 26 de decembro de 2019 de “a consulta de estrutura de custos a diversas empresas do sector coa finalidade de proceder á licitación dos servizos de recollida de residuos e limpeza viaria”.

En marzo de 2020 decretouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 (R.D. 463/2020, do 14 de marzo) e tivo como consecuencia un confinamento xeneralizado da poboación.

Aínda que o concello de Vilagarcía de Arousa volveu abrir as súas portas á cidadanía o 2 de maio de 2020, a normalidade nos servizos coa totalidade dos traballadores non tivo lugar ata o mes de setembro de 2020.

A partir do mes de outubro de 2020, retomáronse as reunións entre o persoal municipal, o asesor do Eixo Atlántico en temas ambientais e os concelleiros do equipo de goberno.

Nestas reunións elaborouse a documentación que foi remitida no mes de abril de 2021 aos grupos políticos da oposición.

No mes de xuño (BOPPO do 1 de xuño de 2021) someteuse a información pública a proposta de estrutura de custos para a contratación do servizo de contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria, sendo posteriormente remitida á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia, que emitiu informe favorable sobre a mesma.

A finais de setembro de 2021, remitiuse novamente aos grupos políticos da oposición borrador dos pregos.

O documento definitivo, que se achega á presente proposta, incorpora pequenos cambios con respecto aos borradores anteriores.

A memoria xustificativa do contrato, subscribida polo concelleiro delegado de obras, iluminación pública e relacións veciñais, contempla diversas cuestións:

- Competencia municipal
- Obxecto do contrato e necesidades a satisfacer
- Insuficiencia de medios municipais
- Non división en lotes do obxecto do contrato
- Duración do contrato
- Método de cálculo do orzamento de licitación e do valor estimado do contrato
- Procedemento de licitación

Competencia:

A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón no seu art. 25.2 apartados b) e d) que os municipios teñen competencias propias en materia de «medio ambiente urbano: en particular, [...] xestión dos residuos sólidos urbanos» así como en materia de «infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade». O artigo 26.1 fixa os servizos que, en todo caso, deberán prestar os municipios, entre os que se atopan a recollida de residuos e a limpeza viaria.

Esta competencia xenérica complétase co disposto na lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados, que establece no seu art. 12.5 que corresponde ás entidades locais como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento de residuos domésticos xerados nos

fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta lei, das que no seu caso diten as comunidades autónomas e da normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor. A prestación deste servizo corresponde aos municipios, que poderán levala a cabo de forma independente ou asociada.

Así pois, a Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e a Limpeza Viaria constitúen actividades esenciais e servizos de obrigada prestación polos Concellos.

O mantemento dunhas adecuadas condicións ambientais e de salubridade pública fai necesaria a prestación dos devanditos servizos de recollida de residuos e limpeza viaria.

O Concello de Vilagarcía de Arousa presta o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria por xestión indirecta, mediante concesión administrativa, desde xullo de 1993 (28 anos). Actualmente, os indicados servizos están a ser prestados pola empresa Cespa, S.A. mentres non se adxudique o novo contrato para a prestación dos mesmos. Por tanto, resulta necesaria a licitación dun novo contrato para a prestación destes servizos públicos.

Obxecto do contrato: Engloba as seguintes prestacións:

- Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos:

- Recollida das seguintes fraccións:
- Residuos de envases lixeiros
- Residuos de papel-cartón
- Resto de residuos
- Recollida porta a porta de residuos de cartón comercial
- Recollida porta a porta de residuos voluminosos
- Recollida piloto de biorresiduo
- Servizo de punto limpo móbil e recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE' s)
- A xestión do Punto Limpo municipal de Vilagarcía de Arousa.
- Subministración, reposición, limpeza, mantemento e conservación da contenerización destinada ao depósito previo de residuos domésticos por parte dos usuarios.
- Baleirado de recipientes destinados ao depósito de residuos domésticos e comerciais e recollida dos residuos domésticos e comerciais.
- Transporte, descarga incluída, dos residuos en centros de almacenamento, plantas de transferencia, centros de recuperación e instalacións de tratamento, así como no punto limpo municipal.
- Recollida de residuos complementarias: en mercados, centros sanitarios, eventos, grandes produtores, retirada de residuos en puntos limpos, retirada de contedores e de sacos non autorizados.

- Servizo de limpeza viaria:

- Servizo de baleirado e limpeza de papeleiras, a súa subministración, reposición, reparación e restauración cando se atopen danadas ou inutilizadas.
- Limpeza de rúas (calzadas e beirarrúas), prazas e solares de propiedade municipal e calquera outra superficie de uso público non exceptuada no ámbito de prestación do servizo.
- Limpeza de pintadas e grafitis
- Limpeza de marquesiñas
- Retirada de pancartas e carteis colocados fóra dos expositores e espazos autorizados

Os obxectivos e necesidades administrativas a satisfacer veñen dadas por:

-Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos:

- Procederáse á retirada e transporte, de forma adecuada aos seus puntos de destino, de todas as fraccións de residuos indicadas anteriormente que se xeren na cidade e a promoción da redución, reutilización e reciclado dos residuos sólidos urbanos, posibilitando ao máximo o pretratamento, así como a separación en orixe e en función do seu destino final por parte dos usuarios do servizo. Para iso as operacións de recollida efectúanse nas fraccións indicadas no apartado anterior (obxecto do contrato). En todos os casos, a operación de recollida inclúe o transporte de cada tipo de residuo recolleito ao centro de tratamento de residuos correspondente.
- Fomento e incremento da reciclaxe.
- Mellora e tecnificación dos sistemas actuais de recollida.

- Renovación da totalidade dos medios materiais (os actualmente existentes son moi antigos e atópanse en mal estado).
- Mellora da dotación de contedores e homoxeneización da súa imaxe e mantemento.
- En relación cos puntos limpos móbil e fixo, preténdese ofrecer aos cidadáns unha instalación onde se poida recibir certo tipo de residuos que, ben por ser reciclables, ben por estar considerados como tóxicos e perigosos, non se deben eliminar como o resto de lixos domésticos, dispoñendo así doutro sistema de recollida selectiva. Ao mesmo tempo, preténdese achegar o servizo aos cidadáns co punto limpo móbil. Todo iso co obxectivo de:
 - Aproveitar os materiais contidos nos residuos urbanos que son susceptibles de reciclaxe directa, conseguindo con iso un considerable aforro enerxético e de materias primas, á vez que se reduce o volume de residuos que é necesario tratar ou eliminar.
 - Separar os residuos perigosos xerados nos fogares, cuxa eliminación cos lixos urbanos ou mediante a vertedura á rede de saneamento, representa un perigo para os operarios destes servizos e contribúe á contaminación do medio ambiente.
- Servizo de limpeza viaria:
 - Preténdese que a limpeza de rúas (calzadas e beirarrúas), prazas e solares de propiedade municipal e calquera outra superficie de uso público non exceptuada no ámbito de prestación do servizo, presente un aspecto de limpeza óptimo, entendido como a non aparición de restos de todo tipo no chan e a non existencia de elementos como pintadas ou carteis que incidan negativamente no aspecto da cidade.
 - Mellorar a calidade da limpeza
 - Incremento das frecuencias e zonas a limpar.
 - Subministración, reposición, reparación e restauración de papeleiras cando se atopen danadas ou inutilizadas.
 - Renovación da totalidade dos medios materiais necesarios para prestar o servizo (os actualmente existentes son moi antigos e atópanse en mal estado)
- Por último, respecto ao funcionamento, perséguese:
 - A modernidade dos equipos que se incorporen con criterios de calidade, innovación, eficacia e sustentabilidade ambiental.
 - A sensibilización social para conseguir o incremento da reciclaxe e un comportamento máis cívico.
 - Aplicación das tecnoloxías actuais de mellora continua e control dos servizos.

En resumo, preténdese unha nova xestión dos residuos municipais que mellore a calidade do actual servizo, un maior índice de reciclaxe e recuperación dos residuos, así como unha limpeza viaria máis eficaz e de maior calidade, o que redundará, sen dúbida, nunha mellora no mantemento dunhas adecuadas condicións ambientais e de salubridade pública.

Insuficiencia de medios:

Como se indicou anteriormente, o Concello de Vilagarcía de Arousa presta o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria mediante xestión indirecta desde xullo de 1993.

Actualmente, a administración municipal carece dos medios humanos e materiais para prestar os servizos directamente.

En canto aos medios humanos, no persoal municipal non existe ningunha praza relacionada co obxecto do contrato.

Actualmente, o persoal da empresa contratista adscrita á prestación do servizo, está integrada por aproximadamente 61 persoas (encargado/a, administrativo/a, mecánico/a, capataz, condutor/a, peón).

Por outra banda, o concello carece dos medios materiais para prestar o servizo (recolectores-compactadores para a recollida de residuos, varredoras, baldeadoras, camións guindastre de caixa aberta, rozadoras, etc.), posto que os que se están utilizando actualmente son moi antigos e atópanse en moi mal estado.

O concello non ten, actualmente, capacidade para organizar os medios humanos e materiais necesarios para a prestación do servizo de forma eficiente, dada a súa complexidade, o importante persoal e medios que require, a diversidade de xornadas, quendas ou a evolución tecnolóxica experimentada no sector, entre outros factores.

Aínda que cabería pensar na municipalización do servizo (iniciativa adoptada por algúns concellos nos últimos anos con resultados discutibles), a complexidade deste proceso no

xurídico, o económico, o social e o técnico desaconséllano.

A municipalización implica a subrogación do persoal existente, que non seleccionou nin formou o concello. Para integrarse no persoal municipal deberían crearse as prazas (algo practicamente imposible polas limitacións que establecen os orzamento xerais do Estado) e, posteriormente, pasar por procesos de selección, co risco de non superalos, co que se xeraría un problema social.

Así mesmo, as condicións económicas e sociais do persoal da actual empresa contratista son moitísimo mellores que as do persoal municipal, o que xera situacións de agravio comparativo.

No aspecto económico, as condicións de compra da maquinaria e vehículos necesarios para prestar o servizo non son as mesmas que as que obtén un dos operadores habituais destes servizos (o concello posiblemente compraría máis caro e con peores condicións e ademais tería que suxeitarse a un proceso de licitación moi pechado nos aspectos técnico e económico.

Por iso, considérase que é necesario, para asegurar a continuidade e calidade dos servizos obxecto do contrato, iniciar un proceso de licitación, co obxectivo de solicitar a experiencia na xestión, os coñecementos técnicos e a capacidade organizativa dunha empresa.

Xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato:

A Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público prevé, en aras á participación das PEME nos procedementos de contratación promovidos polas Administracións Públicas, a división en lotes dos contratos (art. 99 da Lei).

No caso de que non se realice dita división é preceptivo realizar un informe que xustifique dita medida, sendo motivos para iso:

- Que se produza coa división un risco de restrinxir inxustificadamente a competencia.
- Que a división en lotes dificulte gravemente a correcta execución do contrato ou se imposibilite a coordinación da execución.
- Cando sexa materialmente imposible de acordo co obxecto do contrato.

A división por lotes pode atender a diversos criterios, como os territoriais ou os de actividade. Respecto a os apartados sinalados, cabe indicar o seguinte.

Xustificación da non división en lotes territoriais

A escasa masa crítica poboacional do municipio, 37.545 habitantes ao 1 de xaneiro de 2021 para 44.3km², así como a repartición poboacional (a zona rural ocupa o 85% do territorio e tan só algo máis do 25% da poboación -10.400 habitantes, aproximadamente-), impide unha división territorial en lotes.

Ao considerar un único contrato en todo o termo municipal e para ambas as actividades, pódese expor a adquisición de determinados vehículos e maquinaria que para zonas de menor tamaño poderían non xustificarse. A división do servizo por zonas, e en menor medida, por actividade, obrigaría a que cada un dos lotes resultantes debería ter vehículos de reserva para asegurar que o servizo non se interrompe. Canto maior é a frota de vehículos, a porcentaxe de vehículos de reserva diminúe, se só hai un ou dous vehículos dun determinado tipo, dado que é necesario ter sempre un de reserva, prodúcese un incremento dos gastos de investimento. Ademais, A extensión e poboación actual impide que certos equipamentos sexan de uso exclusivo no municipio debido á falta de masa crítica, polo que a división territorial carece de sentido organizativo, económico e técnico.

Xustificación da non división en lotes funcionais

Mellora da coordinación do servizo

A solución técnica empregada parte dun criterio de optimización, así como a consecución do obxectivo de eficiencia na xestión do servizo público. Un único contrato para a xestión dos servizos de contenerización, transporte e recollida de residuos, xestión de puntos limpos e limpeza viaria posibilitará crear sinerxias na xestión diaria dos servizos que permitan a redución de custos indirectos, así como unha mellora na coordinación e funcionamento diario dos servizos e simplificar o número de interaccións necesarias para a execución dos diferentes servizos.

Sistema de control integrado

O espectacular desenvolvemento das tecnoloxías TIC relacionadas nos últimos anos (redes de sensores, RFIDs, etc.) e das comunicacións de datos móbiles amplía enormemente as posibilidades de mellora de moitos servizos urbanos ata cotas ata o de agora inimaxinables. A integración de todo este sistema a través dun software de control permite axilizar todos os procesos e obter datos en tempo real das electrónicas embarcadas nos vehículos e dos sistemas

implicados como na identificación, xeolocalización e incidencias, así como unha xestión única para todos os servizos de limpeza viaria e xestión de residuos. Esta integración simplifica e evita duplicidades en sistemas de control dos vehículos e medios de recollida e limpeza viaria. Doutra banda, a existencia dun interlocutor único da empresa que xestione as incidencias do servizo facilita este mecanismo de control.

Economía de escala e duplicidade de custos indirectos

O servizo de limpeza e recollida de residuos dispón de medios empregados en ambos os servizos como son:

- Os vehículos, furgonetas, equipos de limpeza (necesarios para a limpeza dos puntos de achega dos servizos de recollida),
- As instalacións fixas cedidas polo concello que actualmente comparten, onde se sitúan as oficinas, almacén, vestiario, parque de maquinaria, lavadoiro, etc.
- Servizos como o encargado, a mecánica, a administración ou a atención ao usuario fanse de forma conxunta desde un servizo único e evita duplicidades.
- Responsable do servizo e estrutura administrativa correspondente

En caso de dividir o contrato en lotes, requiriría dun responsable de servizo para cada lote, dúas sedes diferentes e servizos duplicados como a mecánica, a administración ou a atención ao cidadán.

Servizos interdependientes e mellora da recollida selectiva

A unificación do servizo evita certos problemas, como competencias relativas á limpeza e recollida de residuos en zonas próximas ás áreas de achega e fomenta a deposición selectiva dos residuos recolleitos xa que dita separación en orixe reverte economicamente sobre contrátas ao existir un incentivo de pago sobre as fraccións recollidas selectivamente.

Puntos de achega multi-fluxo

A falta de accesibilidade dos cidadáns a puntos de deposición de recollida selectiva dificulta a separación en orixe do material, doutra banda, a separación de contedores de distintos fluxos en distintos puntos de achega pode ser causa de que o usuario, por comodidade ou por falta de sensibilización, poida desfacerse dunha bolsa de resto nun contedor non apropiado. Isto é especialmente plausible para a recollida de envases lixeiros, por unha maior complexidade na súa separación ao tratarse dun fluxo multi-material.

Os puntos de achega con todos os fluxos de recollida facilitan a mellora en cantidade e calidade de residuos recolleitos selectivamente. Estes puntos precisan duns servizos de recollida de residuos depositados fóra dos contedores, así como limpeza dos devanditos puntos de achega. A separación en varios contratos conlevaría problemas de competencia sobre os devanditas labores.

En resumo, a unificación deste contrato caracterízase por optimizar os recursos existentes, tanto económicos como humanos e a súa flexibilidade para facer fronte á aparición de necesidades non previstas. Ademais, un só interlocutor, por outra banda, é máis operativo para esixir o cumprimento das obrigacións do contratista, evítase así a posibilidade de responsabilizar a outro contratista ou contratistas. A rapidez en solucionar problemas que poidan xurdir aumenta, non hai que poñer de acordo e coordinar a varios operadores. As ordes danse a unha única empresa. Se o persoal municipal dedicado á inspección é reducido e non está especializado nun dos servizos (limpeza viaria ou recollida), a inexistencia de lotes permite realizar o seu traballo de forma máis versátil. Se se crean lotes para cada actividade ou por territorios, hase de incrementar o persoal de inspectores.

En definitiva, o anterior aconsella non proceder á división en lotes deste contrato. A división por lotes entendemos que repercute negativamente na calidade do servizo, por resultar menos interesante determinados lotes aos licitadores (división territorial), por impedir ou condicionar o uso de determinada maquinaria, por requirir controlar a dúas ou máis operadores, co incremento de medios necesarios para iso.

Ademais, a división por lotes comporta maiores gastos ao requirir para cada un dos adxudicatarios dotarse da infraestrutura necesaria para xestionar o servizo, duplicando custos que van en detrimento de posibles economías a escala.

Duración do contrato:

Polo que respecta á duración do contrato, conforme ao establecido no artigo 29.4 da LCSP, nos contratos de servizos poderase establecer un prazo de duración superior a cinco anos cando o

esixa o período de recuperación dos investimentos directamente relacionados co contrato e estas non sexan susceptibles de utilizarse no resto da actividade produtiva do contratista ou a súa utilización fose antieconómica, sempre que a amortización dos devanditas investimentos sexa un custo relevante na prestación do servizo, circunstancias que deberán ser xustificadas no expediente de contratación con indicación dos investimentos ás que se refira e do seu período de recuperación.

Devandito período de recuperación debe calcularse de acordo co establecido no artigo 10 do R.D. 55/2017 polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

O período de recuperación do investimento no presente contrato, calculado conforme á citada normativa de aplicación, é de 8 anos; os investimentos que teñen carácter de exclusividade, non son susceptibles de utilizarse no resto da actividade produtiva do contratista e teñen un custo relevante na prestación do servizo, polo que se cumpren as condicións indicadas no artigo 29.4 da LCSP.

Método de cálculo do orzamento de licitación e do valor estimado do contrato:

A efectos do cálculo económico valoráronse os medios que, desde os servizos técnicos municipais consideráronse máis adecuados, non obstante os licitadores poderán propoñer os medios que estimen máis idóneos para a mellor execución do contrato, deseñando o seu proxecto da forma que consideren máis eficiente para a execución do servizo, de acordo coas prescricións establecidas nos pregos.

Tívoise en conta o novo sistema de actualización de valores monetarios das variables económicas, seguindo o Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, co que se pretende implantar a desindexación nos contratos do sector público.

Metodoloxía de cálculo

Xeneralidades

Determinase a valoración económica do servizo por parte do Concello, establecendo as unidades e rendementos da man de obra e maquinaria necesarios para obter os parámetros de calidade definidos no Prego de Condicións Técnicas e nos indicadores de calidade. Consideráronse como referencia de custos os seguintes:

- Os prezos e porcentaxes utilizados habitualmente neste tipo de contratos, así como importes adecuados ao mercado.
- As táboas salariais dos seguintes convenios:
 - Convenio Colectivo de CESPAS, SA co persoal adscrito aos servizos de limpeza pública contratados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.
 - Condicións laborais do persoal que se ha de subrogar.

Para a determinación do prezo do contrato tivéronse en conta os salarios basee establecidos nos convenios colectivos que resultan de aplicación máis os complementos que corresponden a cada categoría profesional. O custo do complemento de antigüidade medio do persoal considerouse a partir dos datos do persoal que se ha de subrogar.

O dimensionamento do persoal realizouse a partir dos servizos necesarios, considerando un coeficiente de paso a persoal en función da frecuencia de prestación do servizo.

Vehículos e outra maquinaria

A empresa adxudicataria poderá facer uso da frota de vehículos correspondente aos contratos anteriormente vixentes durante o período de posta en marcha, que se considerou de doce meses, a condición de que se atopen en bo estado. En todo caso, desde o primeiro momento o adxudicatario deberá dispoñer dos vehículos que considere necesarios para a prestación correcta do servizo.

A vida útil e o período de amortización considerado para o cálculo é de 8 anos para a maquinaria e os vehículos considerados.

A partir da finalización do prazo de posta en marcha, o adxudicatario deberá contar coa frota de vehículos que ofertase. Os vehículos cedidos, que se atopen totalmente amortizados, considérase que carecen de valor residual.

Amortización

Considerouse que a vida útil dos vehículos adquiridos polo adxudicatario é de 8 anos. Os vehículos empregados no servizo da recollida de resto, no proxecto piloto de recollida de

biorresiduos - FORM- e para o programa básico de limpeza viaria son de uso exclusivo do Concello de Vilagarcía de Arousa, amortizándose contablemente durante a vida do contrato (8 anos) xa que a propiedade dos vehículos reverterá ao Concello ao finalizar o contrato.

O resto de material móbil asignado ao resto de servizos poderá ser de uso non exclusivo ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa e non reverterán no Concello (agás que o contratista oférteo como mellora).

Metodoloxía de cálculo

Os distintos servizos incluídos nesta memoria hanse dimensionado considerando o escenario das toneladas de residuos a recoller en cada fluxo durante cada anualidade do contrato. Para iso, analizouse o comportamento das cantidades recollidas desde 2011 a 2020.

Previsión xeración de residuos

Para facer unha previsión das cantidades que se xerarán durante a vixencia do contrato e que se depositarán nos diferentes fluxos, é necesario realizar unhas hipóteses sobre:

- A evolución do número de habitantes
- Evolución das cantidades xeradas per cápita, que dependerán da conxuntura económica, as medidas de prevención impulsadas polo municipio, así como das actuacións de empresas tomando medidas de prevención, en particular no deseño dos produtos e os seus envases e da sensibilización dos cidadáns para realizar un consumo responsable encamiñado á redución da xeración de residuos.
- As medidas de sensibilización e fiscais tomadas polo municipio para que os cidadáns depositen os residuos nos fluxos correspondentes e coa calidade adecuada, fomentando en especial o depósito en punto limpo.

Tendo en conta as variacións que se produciron nos últimos anos nos diferentes parámetros e a posta en marcha do servizo de papel cartón porta a porta, estimáronse as cantidades recollidas nos diferentes fluxos ao longo do contrato.

Estrutura de custos

Para o cálculo do custo anual do servizo consideráronse, para cada un dos servizos incluídos no prego, os investimentos necesarios e os custos directamente imputables en cada unha das anualidades do contrato, agrupados nas categorías de: man de obra directa, maquinaria directa (que inclúe os seus consumos, amortización e mantemento e reparación) e materiais e equipos de depósito de residuos.

Doutra banda, valoráronse conxuntamente outros custos xerais de operación correspondentes a outros gastos de persoal (dirección, administración, taller, etc.), outros custos de maquinaria (vehículos de inspección, etc.), sistemas informáticos e custos de parques de equipamento e instalacións fixas.

Todos os prezos que se utilizaron para os cálculos do custo dos servizos son sen o imposto de valor engadido (IVE). Para o cálculo do importe de licitación sobre o importe obtido a partir do prezo por tonelada e o número de toneladas aplicouse o correspondente IVE do servizo cun tipo do 10%.

O custo en que se incorre pola prestación do servizo de recollida e contenerización desagregase en custos directos e indirectos.

- Custos directos calculados a partir dos custos de amortización e financiamento dos vehículos e equipamentos, a man de obra, os consumos, seguros e impostos dedicados á recollida. Inclúense todos os custos de amortización, financiamento e alugueiro sistema informático. Ademais, inclúense os custos de adquisición, mantemento e reposición de contedores, así como todos os custos derivados da limpeza de contedores (no que se inclúe man de obra, alugueiros, amortizacións, consumos, lubricantes, seguros, sistema informático, etc.)

- Limpeza de puntos de achega: repartiuse o custo deste servizo entre os fluxos de resto envases lixeiros e papel-cartón en función da intensidade de lavado de contedores en cada fluxo.

- Reposición: considerouse un 5% do custo total de adquisición dos contedores.

- Mantemento e outros: considerouse un 5% do custo de adquisición dos contedores para carga lateral e 5% do custo de adquisición dos contedores para carga traseira.

- Custos indirectos

Ademais:

- Calculouse, cos parámetros recolleitos no convenio co SCRAP Ecoembalajes España S.A., o ingreso que se efectuará polo material recolleito (envases e papel-cartón).

No caso de envases. para este cálculo partiuse da premisa de que non se recibía ningún plus, nin penalización por impropios. En función da calidade e cantidade recollida, este valor variará. No caso de papel-cartón partiuse do prezo medio de referencia de ASPAPEL para a venda de papel cartón no ano 2020.

- Tivéronse en conta os RAEs, pois xeran ingresos por venda e cuxo importe varia en función do material recibido.
- Considerouse un 1% do total do custo anual do servizo de residuos e xestión de punto limpo para campañas de concienciación.
- Considerouse un 1% do total do contrato para controis e seguimento do contrato.
- Contabilizouse o servizo de atención ao público.
- Aplicouse un 10% a maiores de man de obra, por causa de posibles ineficiencias.
- Finalmente se han aplican os gastos xerais (5%), o beneficio industrial (6%) e o 10% de IVE.

O custo en que se incorre pola prestación do servizo básico de limpeza viaria desagregase en custos directos e indirectos:

- Custos directos, para os que se han desagregado os custos de man de obra, amortización, mantemento, consumos e seguros. Ademais, incluíuse o custo dos sistemas informáticos necesarios para desempeñar correctamente este servizo, sendo estes: a amortización do investimento en equipos de control de frota, sensor de actividade e a súa instalación, e o mantemento anual dos mesmos, onde tamén está considerada a aplicación e cota web.
- Custos indirectos, que se repartirán entre os tres servizos de limpeza viaria (programa básico de limpeza viaria, servizos complementarios, especiais e de tempada e servizo de limpeza de praias) de forma proporcional en función do custo que repercute cada unha. Neste caso, a limpeza viaria fixa representa o 86,54 % do gasto, por tanto, cubrirá ese mesma porcentaxe de indirectos.

Á suma de custos directos e indirectos aplícanse os gastos xerais e beneficio industrial (7%). Desta forma conseguimos o total sen IVE, ao que se lle aplica finalmente un 10% de IVE.

Particularidades:

- No caso do servizo de limpeza de praias, os custos de amortización e mantemento só considéranse para medios adicionais non empregados noutros servizos.
- Considerouse un custo do control da prestación equivalente a un 1% do custo total do conxunto de servizo de recollida de residuos, xestión de punto limpo e limpeza viaria.
- Considerouse un servizo de atención telefónica de polo menos de 20 horas semanais.

Orzamento base de licitación

O orzamento anual máximo de licitación será de 4.983.217,20 € (IVE incluído).

Orzamento anual máximo de licitación (IVE non incluído): 4.530.197,45 €

- Custos directos: 4.067.138,09 € (entre os que se inclúen os custos salariais de 2.911.545,54 €).
- Custos de campañas de concienciación en materia de residuos: 18.669,81 €
- Custos de control do contrato e atención ao público: 67.986,77 €
- Custos indirectos: 214.873,99 €
- Beneficio industrial: 161.528,79 €

Desagregación do custo (sen IVE) en función dos distintos servizos que se recollen no prego de prescricións técnicas relativos aos residuos e variedades de limpeza viaria

	Anual	Por Tonelada	Total contrato (8 anos)
	Sen IVE	Sen IVE	Sen IVE
Fluxo Resto -pago por tonelada-	1.205107,10 €	89,20 €/t	9.640.856,81 €
Fluxo EELL -pago por tonelada-	96.948,91 €	117,15 €/t	775.591,26 €
Fluxo PC -pago por tonelada-			
PC contedor	130.134,20 €	231,91 €/t	1.041.073,58 €
PC PaP comercial -pago por servizo + pago por tonelada-	38.234,27€	231,91 €/t	305.874,20 €
Voluminosos	23.081,54€		184.652,31€
Xestión Punto Limpio	82.681,20 €		661.449,60 €
Punto limpio móbil	38.712,95 €		309.703,59 €

Restos poda	18.602,25 €		148.817,96 €
Biorresiduos Form piloto	233.478,49 €		1.867.827,92 €
Campañas concienciación	18.669,81€		149.358,47 €
Servizo básico limpeza viaria	1.849.094,84 €		14.792.758,71€
Servizos complementarios, especiais e de tempada	600.904,03 €		4.807.232,28 €
Servizo de limpeza de praias	126.561,10 €		1.012.488,79 €
Sistema de autocontrol da prestación	44.622,11€		356.976,88 €
Atención ao público	23.364,66 €		186.917,28 €
TOTAL (sen IVE)	4.530.197,45€		36.241.579,64 €

Custos agregados do contrato:

	Anual		Total Contrato (8 años)	
	Sen IVE	Con IVE	Sen IVE	Con IVE
Residuos e punto limpo	1.885.650,71 €	2.074.215,78 €	15.085.205,70 €	16.593.726,27 €
Limpeza viaria	2.576.559,97 €	2.834.215,97 €	20.612.479,78 €	22.673.727,75 €
Control e atención ao público	67.986,77 €	74.785,45 €	543.894,16 €	598.283,57 €
TOTAL	4.530.197,45 €	4.983.217,20 €	36.241.579,64 €	39.865.737,60 €

Valor estimado do contrato

O valor estimado total do contrato, polo prazo máximo de duración do contrato, ascende a un total de 43.489.895,56 € IVE excluído, que se desagrega da seguinte forma:

Orzamento base de licitación (sen IVE e por toda a duración máxima do contrato): 36.241.579,64 €

Importe das modificacións previstas: 7.248.315,93 €

Opcións eventuais: Non.

Prórrogas: Non

Estrutura de Custos:

	CUSTOS								TOTAL CUSTOS	INGRESOS
	Amortización e financiación	Aluguer e mantemento de instalacións, seguros, impostos...	Man de obra	Consumos carburantes e lubricantes	Mantemento e reparación de equipos	Gastos xerais	Beneficio industrial	Campañas de concienciación e autocontrol da prestación		INGRESOS SCRAP E VENDA DE MATERIAL
Total anual (€)	533.932,57	91.635,43	2.934.910,21	239.186,26	521.180,03	214.873,99	161.528,79	63.291,92	4.760.539,18	-230.341,73
Total contrato (€)	4.271.460,57	733.083,41	23.479.281,66	1.913.490,05	4.169.440,20	1.718.991,93	1.292.230,32	506.335,33	38.084.313,48	-1.842.733,84

Procedemento de licitación

O contrato licitarase mediante o procedemento aberto contemplado no art. 156 da Lei 9/2017, de contratos do sector público. No devandito procedemento todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Tendo en conta o obxecto do contrato e, de conformidade co disposto no art. 17 da citada lei de contratos, o contrato de cualifica como de servizos. Dado que o valor estimado do contrato (43.489.895,56 €) é superior a 214.000,00 €, de acordo co disposto no art. 22.1. b en relación co art. 19.1 da lei 9/2017, o contrato está suxeito a regulación harmonizada. Iso conleva a obriga de publicar a licitación no Diario Oficial da Unión Europea ademais de en o perfil de contratante do órgano de contratación (Pleno da Corporación) por un prazo non inferior a 35 días contados desde a data do envío do anuncio da licitación á oficina de publicacións da Unión Europea (art. 156.2 da LCSP).

A tramitación do expediente de contratación será ordinaria, non reducíndose por tanto os prazos contemplados na lei 9/2017.

A xustificación dos criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, os

critérios para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo, constan no prego de cláusulas administrativas particulares.

O orzamento de licitación do contrato para 8 anos ascende a:

SEN IVE 36.241.579,64 €	IVE (10%) 3.624.157,96€	Total (IVE inc.) 39.865.737,60€
----------------------------	----------------------------	------------------------------------

O orzamento de licitación anual ascende a:

SEN IVE 4.530.197,45 €	IVE (10%) 453.019,75 €	Total (IVE inc.) 4.983.217,20€
---------------------------	---------------------------	-----------------------------------

O Valor estimado do contrato ascende a 43.489.895,56 €, non coincidindo co orzamento de licitación (sen IVE) pois se contempla a posibilidade de modificar o contrato por un importe máximo do 20% do prezo inicial do mesmo para incorporar a recollida do biorresiduo Form unha vez finalizada a fase piloto, así como outras posibles modificacións.

As modificacións do contrato previstas nos pregos poderán ter lugar nos seguintes supostos:

- Ampliación de calquera dos servizos contratados a sectores de nova creación ou urbanización.
- Aumento das frecuencias por reaxustes ou necesidades sobrevividas e non derivadas dun cálculo erróneo do contratista ao realizar a súa oferta
- Alteración dos itinerarios de prestación dos servizos.
- Ampliación de servizo de recollida do bio-residuo FORM e consecuente redución do servizo de recollida da fracción resto.
- Incorporación de novos avances tecnolóxicos que melloren o servizo.
- Cambios legais ocorridos con posterioridade á adxudicación do contrato.

O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) contempla a imposición de penalidades por incumprimentos do contratista e a modificación do contrato nos supostos previstos no citado prego. De conformidade co disposto na Lei 9/2017, de contratos do sector público, a competencia, tanto para aprobar a modificación do contrato como para impoñer penalidades, corresponden ao órgano de contratación (Pleno da Corporación), de acordo co disposto polo art. 22.2 ñ) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local. Esta Alcaldía, por razóns de operatividade e eficiencia na tramitación, considera adecuada a delegación das devanditas competencias na Xunta de Goberno Local, o cal está permitido conforme ao disposto, sensu contrario, polo art. 22.2.4 da citada lei 7/1985.

O art. 117 da lei 9/2017, de contratos do sector público, dispón que:

1. “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto...”
2. “Os expedientes de contratación poderán ultimarse mesmo coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice nunha ou varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte. Para estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas administracións públicas suxeitas a esta lei.”

En atención ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aprobación do expediente de contratación para adxudicar o contrato de servizos de “CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS, XESTIÓN DO PUNTO LIMPO E LIMPEZA VIARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria e a través da plataforma de contratación do sector público.
- 2.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares e os seus respectivos anexos, os cales rexerán a licitación e as relacións entre as partes do contrato, cuxo orzamento de licitación ascende a 39.865.737,60€ (IVE incluído) para un prazo de duración do contrato de 8 anos, sendo o orzamento de licitación anual de 4.983.217,20€ (IVE incluído).
3. Aprobación da autorización dun gasto por un importe de 39.865.737,60€ (trinta e nove millóns oitocentos sesenta e cinco mil setecentos trinta e sete euros con sesenta céntimos), someténdose a formalización e adxudicación do contrato á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do mesmo.
- 4.- Aprobación da apertura do procedemento de adxudicación, mediante a publicación do

correspondente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do órgano de contratación (Pleno da Corporación), fixéndose un prazo para a presentación de ofertas de 60 días.

5.- Aprobación da delegación, a favor da Xunta de Goberno Local, das competencias plenarias para:

- Aprobar as modificacións (previstas e non previstas) do contrato de servizos de “Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa”.

O incremento do persoal actual (obxecto de subrogación) que se derive, ben da oferta do contratista seleccionado, ben das modificacións (previstas e non previstas) deberá aterse ao disposto na cláusula 16.8.6 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), excepto naqueles supostos en que se xustifique a imposibilidade legal de realizarse o mesmo conforme a citada cláusula, previa autorización da Xunta de Goberno Local.

- Impoñer penalidades derivadas de incumprimentos do contratista.

Asdo: Alberto Varela Paz

Alcalde-Presidente

Dáse conta así mesmo do informe emitido pola Secretaria do Concello, así como das achegas presentadas por Dona Ana M^a Granja Guillán, voceira do grupo político municipal do PP e por D. Juan Manuel Fajardo Recousó, voceiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común.

Achegas do grupo político municipal do PP:

Solicito a inclusión das seguintes aportacións en nome do Partido Popular de Vilagarcía á hora de debatir o referido contrato:

1. Aumento das frecuencias mínimas do servizo de recollida de residuos nas zonas rurais e periurbanas.

2. Aumento das frecuencias mínimas do servizo de recollida de residuos de envases lixeiros no entorno urbano, con especial atención aos puntos onde hai establecementos hosteleiros.

3. Elaboración dun estudo sobre a ubicación dos contenedores tendo en conta: 1) a accesibilidade da cidadanía, 2) a seguridade viaria e 3) a facilidade da empresa para realizar o seu servizo

4. Do mesmo xeito que se contempla a limpeza das praias, incluír tamén no referido contrato a recollida dos residuos nas mesmas cunha frecuencia suficiente para evitar os malos olores e a acumulación de insectos.

Por último, puntualizar que o Partido Popular de Vilagarcía espera que o aumento do coste deste contrato non repercuta no coste do recibo de recollida de basuras que paga a cidadanía de Vilagarcía.

Achegas do grupo político municipal de Vilagarcía en Común:

Consideración premilinar.- O goberno debe presentar un prego en Galego,

Consideración previa.

Dende o noso grupo municipal, consideramos inapropiado e carente de interese negociador o modelo elixido polo goberno local para a negociación cos grupos, logo de seis anos de retraso, o goberno pretende chegar a un acordo cos grupos en apenas 15 días, utilizando de forma espúrea a súa maioría absoluta. Presentan un paripé de negociación, cando na realidade a decisión está tomada e non parecen abertos a introducir ningunha proposta da oposición, ademais de dificultar o traballo da oposición polo pouco tempo que dotan a este proceso.

En todo caso, tivera sido interesante, apostar pola municipalización total do servizo, tal como propoñemos dende Vilagarcía en Común, municipalización que permitiría mellorar o servizo, cando menos, utilizando para o mesmo o marxe de beneficio que obterá a empresa adjudicataria. Polo tanto a nosa primeira proposta sería a Municipalización do servizo. A municipalización do servizo, non é so a única opción, é ademais a máis eficaz, eficiente e sostible.

En segundo lugar, Vilagarcía ten hoxe un enorme problema de focos de suciedade no entorno dos espazos adicados a recollida do lixo, sexa cal sexa o seu tipo. Por iso propoñemos como Segunda proposta, Ningún contenedor na rúa en horario diurno. Para isto o prego debe incluír

que o total de contenedores, sexa retirado diariamente da rúa, de tal forma que o servizo de recollida coloque os contenedores cada día de recollida ao inicio do horario de recollida (21:00) e se proceda a súa retirada unha vez que se recolla o lixo dos mesmos. Así durante o día non habería ningún contenedor nas rúas do concello. Esta proposta que xa funciona en moitos concellos do estado permite unha maior limpeza e sensación de limpeza en todos os espazo públicos, pois evita a colocación de lixo en horario de non recollida e impide cheiros e demais problemas provocados por contenedores cheos de lixo sen recoller.

Resto de propostas:

Terceira.- Incremento da valoración da proposta técnica ao respecto da proposta económica que recolle e prego, e eliminación da proposta expresa que di " Se pretende que la oferta que presente el precio mas bajo se obtenga la máxima puntuación "

Cuarta.- Debe aclararse con carácter previo que zonas tendrán recollida diaria, o prego recolle zonas con grande actividade hosteleira, esta debería estar definida no prego, para evitar arbitrariedades futuras. En toda caso o tipo de servizo diferenciado deberá trasladarse a ordenanza, para que se cobre en relación cos servizos que recibe cada veciña de Vilagarcía.

Quinta.- Debe incrementarse no rural, periurbano no prego, a frecuencia de recollida, propónse 2,5 días a semana, debería ser cando menos de 5 días a semana, e en todo caso, o recibo da basura da cidadanía desta contorna debería reducirse na parte proporcional de falta de recollida ao respecto da recollida da zona urbana.

Sexta.- O horario de recollida debe ser definido polo pleno da corporación, e no polos licitadores tal como recolle o prego. De igual forma as empresas deberían presentar xa un plano de localización dos contenedores na propia proposta.

Séptima.- O horario do punto limpo, debe ser cando menos, igual que o actual, para isto procederase a unha negociación coa representación legal dos traballadores, xa que afecta as súas condicións laborais actuais.

Oitava.- Tal como está redactada, a recollida de cartón porta a porta, xerará discriminación entre os distintos establecementos comerciais do concello, así grandes establecementos poden beneficiarse gratuitamente deste servizo, tal como está redactado, polo que este apartado ou se fai con carácter universal ou deberá redactarse unha ordenanza específica, para que grandes consumidores deste residuos, vexase grandes cadeas de distribución, no se vexan beneficiados por este apartado.

Novena.- limpeza viaria. Non concordamos co reparto zonal que se presenta, ademais de evidente discriminación que supón para o rural do concello, barrios como os Duráns, San Roque ou As Pistas, son discriminados con respecto a zonas do centro, incluso boa parte de Carril, Vilaxoan e San José ou Veiga de Lamas, quedan na zona 4 con apenas un barrido mecánico semanal.

Décima.- Debe entenderse a posibilidade da limpeza viaria en horario nocturno, e para iso é necesario trasladar algunhas consideracións técnicas para a maquinaria, así debe establecerse como prioritaria aquela que menos contaminación sonora xenere.

Décimo primeira.- O prego no recolle o número mínimo, nin características mínimas dos medios técnicos necesarios, para a recollida ou limpeza, debería subsanarse este apartado introducindo criterios mínimos, entre os que debería estar de forma básica, a aposta por material menos contaminante que use electricidade ou gas para a tracción.

Décimo segundo.- O prego incumpe a normativa laboral, xa que recolle de forma expresa que no se pode incrementar a plantilla fixa do servizo, isto contradí a normativa laboral, que establece que calquer traballador que realice función de carácter ordinario dunha empresa debe ser indefinido.

Décimo terceira.- O prego debe introducir unha cláusula que permita introducir o descanso continuado de cando menos dous días para a plantilla do servizo, de tal forma que se mellore a conciliación das persoas que atenden o servizo.

Décimo cuarta.- O prego contén condicións que incumpres a lei de prevención de riscos laborais, xa que plantexa que traballen con medios mecánicos persoas en solitario, isto contradí a LPRL, polo que debe modificarse.

Décimo quinta.- En contraprestación a cesión de espazos que fai o concello para a realización do servizo, o prego debería incluír que a empresa concesionaria se faga cargo da restauración do

espazo público ocupado polos inútiles contedores soterrados, así por exemplo o contedor soterrado de Vilaxoán, non funcionou nunca.

Décimo séxta.- Introducir no prego a recollida de aceites e a recollida de restos de animais domésticos falecidos.

Décimo séptima.- Introducir un apartado de limpeza de papeleiras, determinando zonas e frecuencias.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de contratación que rexerá o procedemento aberto suxeito a regulación armonizada e tramitación ordinaria e mediante licitación electrónica, para adxudicar o contrato de servizos denominado “contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa”.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12), cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (4) e Podemos-Marea da Vila (1), e dous votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

1.- A aprobación do expediente de contratación para adxudicar o contrato de servizos de “CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS, XESTIÓN DO PUNTO LIMPO E LIMPEZA VIARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria e a través da plataforma de contratación do sector público.

2.- A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares e os seus respectivos anexos, os cales rexerán a licitación e as relacións entre as partes do contrato, cuxo orzamento de licitación ascende a 39.865.737,60€ (IVE incluído) para un prazo de duración do contrato de 8 anos, sendo o orzamento de licitación anual de 4.983.217,20€ (IVE incluído).

3. A aprobación da autorización dun gasto por un importe de 39.865.737,60€ (trinta e nove millóns oitocentos sesenta e cinco mil setecentos trinta e sete euros con sesenta céntimos), someténdose a formalización e adxudicación do contrato á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do mesmo.

4.- A aprobación da apertura do procedemento de adxudicación, mediante a publicación do correspondente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do órgano de contratación (Pleno da Corporación), fixándose un prazo para a presentación de ofertas de 60 días.

5.- A aprobación da delegación, a favor da Xunta de Goberno Local, das competencias plenarias para:

- Aprobar as modificacións (previstas e non previstas) do contrato de servizos de “Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa”.

O incremento do persoal actual (obxecto de subrogación) que se derive, ben da oferta do contratista seleccionado, ben das modificacións (previstas e non previstas) deberá aterse ao disposto na cláusula 16.8.6 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), excepto

naqueles supostos en que se xustifique a imposibilidade legal de realizarse o mesmo conforme a citada cláusula, previa autorización da Xunta de Goberno Local.

- Impoñer penalidades derivadas de incumprimentos do contratista.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DO ALCALDE AO PLENO

ANTECEDENTES DE FEITO E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º.- Con data 30 de xullo de 2002 subscríbese o Convenio de Colaboración de Xestión Catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral de Catastro) e o Concello de Vilagarcía de Arousa.

2º.- O Convenio afectaba aos bens inmobles de natureza urbana situados nos municipios do Concello de Vilagarcía, en réxime de delegación para a tramitación e aprobación dos expedientes de alteracións catastrais de orde xurídica -transmisións de dominio- e vía encomenda dos expedientes de alteracións de orde física e económica, colaboración na recepción de documentación, actuacións de notificación de valores catastrais, actuacións de atención ao público no proceso de revisión de valores catastrais e para o mantemento da base de datos de Catastro.

3º.- A Disposición adicional oitava da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), establece: Adaptación dos convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública e inscrición de organismos e entidades (...) 1. Todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos a contar dende a entrada en vigor desta Lei. Con todo, esta adaptación será automática, no que se refire ao prazo de vixencia do convenio, por aplicación directa das regras previstas no artigo 49. h).1.º para os convenios que non tivesen determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tivesen establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei. Nestes casos o prazo de vixencia do convenio será de catro anos a contar desde a entrada en vigor da presente Lei.

4º.-A Disposición final décimo oitava da LRXSP tamén determina: 1. A presente Lei entrará en vigor ao ano da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado (...)

A Disposición Décimo sexta do Convenio de colaboración catastral do 30 de xullo de 2002 establece que o Convenio entra en vigor o día da súa firma, estendéndose a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2002 e prorrogándose tacitamente por sucesivos períodos anuais, mentres non sexa denunciado.

En consecuencia, o Convenio de colaboración catastral citado, decaeu o 2 de outubro de 2020, que xunto á adaptación normativa e réxime xurídico e das novas necesidades en materia catastral, xeran a necesidade de solicitar á Dirección Xeral de Catastro a substitución do convenio do 30 de xullo de 2002 polo novo convenio de colaboración de xestión catastral, en réxime de encomenda e que alcanza aos bens inmobles de natureza urbana e rústica.

Hai que dicir que se trata dun novo convenio que se subscibe en atención ao previsto na Lei de Catastro (RDLei 1/2004, polo que se regula o texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario) e especialmente a Disposición Adicional décima da Lei 27/2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que habilita a formalización de convenios de colaboración mediante encomendas de xestión e/ou delegación de competencias ou mixto, non comportarán a transferencia de medios materiais nin persoais, nin contraprestación económica

de ningún tipo entre as partes por canto permiten mellorar a recadación tributaria das Entidades Locais que os subscriben.

A).- O artigo 11 da LRJSP sobre o réxime de encomenda di: 1. A realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de Dereito Público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades de Dereito Público da mesma ou de distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño. As encomendas de xestión non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos regulados na lexislación de contratos do sector público. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto nesta.

2. A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou Entidade encomendante ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda. En todo caso, a Entidade ou órgano encomendado terá a condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión, séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

3. A formalización das encomendas de xestión axustarase ás seguintes regras:

a) Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos administrativos ou Entidades de Dereito Público pertencentes á mesma Administración deberá formalizarse nos termos que estableza a súa normativa propia e, na súa falta, por acordo expreso dos órganos ou Entidades de Dereito Público intervincentes. En todo caso, o instrumento de formalización da encomenda de xestión e a súa resolución deberá ser publicada, para a súa eficacia, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín oficial da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano encomendante. Cada Administración poderá regular os requisitos necesarios para a validez de tales acordos que incluírán, polo menos, expresa mención da actividade ou actividades ás que afecten, o prazo de vixencia e a natureza e alcance da xestión encomendada.

b) Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e Entidades de Dereito Público de distintas Administracións formalizarase mediante firma do correspondente convenio entre elas, que deberá ser publicado no «Boletín Oficial do Estado», no Boletín oficial da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano encomendante, salvo no suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou no seu caso Cabidos ou Consellos insulares, que se rexerá pola lexislación de Réxime Local.

B).- O artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 201/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios e encomendas de xestión e polo tanto réxense pola normativa específica.

Na súa virtude, ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro a substitución do Convenio asinado o 30 de xullo de 2002, polo Convenio novo, obrante no expediente e que é do tenor literal que figura como Anexo e consta de 16 cláusulas, 2 cláusulas transitorias e 1 cláusula adicional.

SEGUNDO: Aceptar a encomenda de xestión contida no novo Convenio de colaboración catastral.

TERCEIRO: Autorizar ao Alcalde para formalizar a solicitude con os documentos precisos e subscripción do Convenio, unha vez sexa informado favorablemente, polo Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vilagarcía de

Arousa, de colaboración en materia de xestión catastral.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP(4), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e uha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro a substitución do Convenio asinado o 30 de xullo de 2002, polo Convenio novo, obrante no expediente e que é do tenor literal que figura como Anexo e consta de 16 cláusulas, 2 cláusulas transitorias e 1 cláusula adicional.

SEGUNDO: Aceptar a encomenda de xestión contida no novo Convenio de colaboración catastral.

TERCEIRO: Autorizar ao Alcalde para formalizar a solicitude con os documentos precisos e subscrición do Convenio, unha vez sexa informado favorablemente, polo Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2022.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

- Modificación das tarifas do art. 9 da O.F. Nº II.2 e modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +2,90% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2020 a xullo/2021), con efectos para o 2022, tal e como consta na proposta de Espina & Delfín.
- Actualizar tamén os importes previstos na Ordenanza para aqueles supostos de usos comerciais e industriais que non teñan instalado contador, quedando co seguinte importe:

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 10,37 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederáse ao corte do subministro de auga.

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 21,33 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederáse ao corte do subministro de auga.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se dictamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2

reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:	
1º bloque, ata 10 m³ de consumo.	0,320507 € / m3
2º bloque, de 11 m³ a 20 m³.	0,404227 € / m3
3º bloque, exceso de 20 m³.	0,431087 € / m3
Cota mensual de servizo	1,643 € / abonado mes
Cota mínima mensual	4,851 € / abonado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 10,37 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

1º bloque, ata 10 m³ de consumo.	0,404227 € / m3
2º bloque, exceso de 10 m³.	0,473540 € / m3
Cota mensual de servizo	3,940	€ / abonado mes
Cota mínima mensual	7,982	€ / abonado mes

C) USO INDUSTRIAL:		
1º bloque, ata 25 m³ de consumo.	0,404227 € / m3
2º bloque, exceso de 25 m³.	0,488038 € / m3
Cota mensual de servizo	3,940	€ / abonado mes
Cota mínima mensual	14,046	€ / abonado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 21,33 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:	
1º bloque, ata 65 m³.	0,425685 € / m3
2º bloque, exceso de 65 m³.	0,496182 € / m3
Cota mensual de servizo	3,940 € / abonado mes
Cota mínima mensual	31,610 € / abonado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,188 € / abonado mes, máis IVE.

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2022

1.- ACOMETIDAS			
diámetro acometida	Gabia terra (A)	Gabia asfalto (B)	Gabia baldosa-beirarrúa (C)
¾ "	193,25 €	254,89 €	307,66 €
1 "	212,23 €	273,26 €	325,44 €
1 ½ "	280,98 €	342,62 €	396,08 €
2 "	334,31 €	394,80 €	447,55 €

Acometidas de máis de 5 m. ¾"		1"	1½"	2"
(A) Incremento de por m. .	10,14 €	11,88 €	21,32 €	28,45 €
(B) Incremento de por m. .	22,34 €	24,06 €	33,59 €	40,60 €
(C) Incremento de por m. .	26,86 €	28,57 €	37,72 €	45,05 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar -Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión

Prezo: 15 mm.... 84,88 €/ud.; 200 mm.... 107,08 €/ud

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

-Presupostarase para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)

diámetro 15 mm.	58,63	/ud.
diámetro 20 mm.	80,82	/ud.
diámetro 25 mm.	131,62	/ud.
diámetro 30 mm.	183,99	/ud.
diámetro 40 mm.	285,31	/ud.
diámetro 50 mm.	623,19	/ud.
diámetro 65 mm.	772,56	/ud.

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 19,02 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc. Se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo subministro de auga potable a domicilio.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP(4), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:	
---------------------	--

1º bloque, ata 10 m ³ de consumo.	0,320507 € / m ³
2º bloque, de 11 m ³ a 20 m ³	0,404227 € / m ³
3º bloque, exceso de 20 m ³	0,431087 € / m ³
Cota mensual de servizo	1,643 € / abonado mes
Cota mínima mensual	4,851 € / abonado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 10,37 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

1º bloque, ata 10 m ³ de consumo.	0,404227 € / m ³
2º bloque, exceso de 10 m ³	0,473540 € / m ³
Cota mensual de servizo	3,940	€ / abonado mes
Cota mínima mensual	7,982	€ / abonado mes

C) USO INDUSTRIAL:		
1º bloque, ata 25 m ³ de consumo.	0,404227 € / m ³
2º bloque, exceso de 25 m ³	0,488038 € / m ³
Cota mensual de servizo	3,940	€ / abonado mes
Cota mínima mensual	14,046	€ / abonado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 21,33 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:		
1º bloque, ata 65 m ³	0,425685 € / m ³
2º bloque, exceso de 65 m ³	0,496182 € / m ³
Cota mensual de servizo	3,940	€ / abonado mes
Cota mínima mensual	31,610	€ / abonado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,188 € / abonado mes, máis IVE.

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2022

1.- ACOMETIDAS			
diámetro acometida	Gabia terra (A)	Gabia asfalto (B)	Gabia baldosa-beirarrúa (C)
¾ "	193,25 €	254,89 €	307,66 €
1 "	212,23 €	273,26 €	325,44 €
1 ½ "	280,98 €	342,62 €	396,08 €
2 "	334,31 €	394,80 €	447,55 €

Acometidas de máis de 5 m. ¾"		1"	1½"	2"
(A) Incremento de por m. .	10,14 €	11,88 €	21,32 €	28,45 €
(B) Incremento de por m. .	22,34 €	24,06 €	33,59 €	40,60 €
(C) Incremento de por m. .	26,86 €	28,57 €	37,72 €	45,05 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar -Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión

Prezo: 15 mm.... 84,88 €/ud.; 200 mm.... 107,08 €/ud

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

-Presupostarse para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)

diámetro 15 mm.	58,63	/ud.
diámetro 20 mm.	80,82	/ud.
diámetro 25 mm.	131,62	/ud.
diámetro 30 mm.	183,99	/ud.
diámetro 40 mm.	285,31	/ud.
diámetro 50 mm.	623,19	/ud.
diámetro 65 mm.	772,56	/ud.

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 19,02 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc. Se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria - Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2022.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Modificación das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2022, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +2,90% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2020 a xullo/2021), con efectos para o 2022.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2022.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:	€ / mes
Uso doméstico	2,491
Uso comercial	3,402
Uso industrial	6,278
b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:	€ / mes
Uso doméstico	3,515
Uso comercial	4,408
Uso industrial	10,048

B) CONSUMO SERVIZO AUGA:

Uso doméstico €
Cada m³ consumido 0,087571

Usos comercios:	€
Cada m ³ consumido	0,087571
?Uso industrial:	€
Cada m ³ consumido	0,087571

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias que para o proceso de produción utilicen medios de abastecemento de auga exclusiva ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e concesionario do Servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

Fácturase de acordo coa seguinte tarifa	€
Cota fixa mensual (aboado mes)	6,278
Por cada m ³ verquido (medido ou aforado)	0,087571

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por depuración de augas residuais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP(4), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e un voto en

contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobado provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2022.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:	€ / mes
Uso doméstico	2,491
Uso comercial	3,402
Uso industrial	6,278
b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:	€ / mes
Uso doméstico	3,515
Uso comercial	4,408
Uso industrial	10,048

B) CONSUMO SERVIZO AUGA:

Uso doméstico €
Cada m³ consumido 0,087571

Usos comercios:	€
Cada m ³ consumido	0,087571
?Uso industrial:	€
Cada m ³ consumido	0,087571

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS A REDE:

Aquelas industrias que para o proceso de produción utilicen medios de abastecemento de auga exclusiva ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e concesionario do Servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

Fácturase de acordo coa seguinte tarifa	€
Cota fixa mensual (aboado mes)	6,278
Por cada m ³ verquido (medido ou aforado)	0,087571

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboero de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI). Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de

2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA DE Modificación Ordenanza nº I.2 reguladora do Imposto sobre Bens Inmables

A modificacións proposta consiste en incorporar unha exención para os centros sanitarios de que sexan titulares a Comunidade Autónoma de Galicia ou o Servizo Galego de Saúde, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros, en atención ao Protocolo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no Concello de Vilagarcía de Arousa, asinado o 30.07.2021.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 3 da Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmables, nos seguintes termos:

3.2.3. Estarán exentos, previa solicitude, os centros sanitarios de que sexan titulares a Comunidade Autónoma de Galicia ou o Servizo Galego de Saúde, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

Na solicitude, deberase acreditar: a) a titularidade xurídica e catastral do inmovible (a titularidade catastral non será preciso acreditarla cando xa lle conste ao Concello de Vilagarcía de Arousa) e b) o destino do inmovible mediante certificado do órgano competente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº I.2 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de Ciudadanos informa desfavorablemente

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmables.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e PP (4), 1 abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila (1), e dous votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 3 da Ordenanza Fiscal Nº I.2

reguladora do Imposto sobre bens inmobles, nos seguintes termos:

3.2.3. Estarán exentos, previa solicitude, os centros sanitarios de que sexan titulares a Comunidade Autónoma de Galicia ou o Servizo Galego de Saúde, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

Na solicitude, deberase acreditar: a) a titularidade xurídica e catastral do inmovible (a titularidade catastral non será preciso acreditarla cando xa lle conste ao Concello de Vilagarcía de Arousa) e b) o destino do inmovible mediante certificado do órgano competente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº I.2 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta de Memoria-Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA DE Modificación Ordenanza nº I.3 reguladora do Imposto sobre CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

A modificación proposta consiste en incorporar unha bonificación do 95% no imposto sobre construcións, instalacións e obras a favor das construcións que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, de conformidade co previsto no artigo 103.2.a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en atención ao Protocolo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no Concello de Vilagarcía de Arousa, asinado o 30.07.2021.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 4 da Ordenanza Fiscal Nº I.3 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, incorporando un novo apartado, nos seguintes termos:

2.2. Ás construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais seralles de aplicación unha bonificación do 95% da cota.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ó Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº I.3,

durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 4 da Ordenanza Fiscal Nº I.3 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, incorporando un novo apartado, nos seguintes termos:

2.2. Ás construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais seralles de aplicación unha bonificación do 95% da cota.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ó Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº I.3, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- EXAME DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS, E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS MUNICIPAIS DE INCLUSIÓN SOCIAL.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta das alegacións presentadas polo grupo político municipal Podemos-Marea da Vila, durante o prazo de exposición pública das Bases Reguladoras de Axudas Municipais de Inclusión Social e do informe emitido pola Coordinación dos Servizos sociais, do seguinte teor:

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o 26 de agosto de 2021 acordou aprobar con carácter inicial as Bases Reguladoras de Axudas Municipais de Inclusión Social (AMIS), sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 170 o 3 de setembro de 2021.

A data 30/09/2021 o Grupo Municipal de Marea da Vila presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa con nº WEB2021006784 alegacións en relación ás bases reguladoras de axudas municipais de inserción social (AMIS). No citado escrito solicítase:

“Que se teñan en conta as seguintes alegacións:

- Aumentar o grao de consanguinidade ata o 4º grao.
- No artigo 4, no apartado f do punto 3 di que é requisito para a consideración de integrante da unidade de convivencia a residencia efectiva, legal e continuada en España. Tendo en conta esto, unha persoa que viñera temporalmente (por exemplo, un estudante) e que por diversos motivos tivera que quedar aquí, non tería dereito ás axudas.
- Especificar como será o procedemento para aquelas persoas que vivan temporalmente na casa dun familiar ou amigo e, polo tanto, non teñan un contrato de alugueiro.
- Puntualizar, cando se fala das axudas á propiedade da vivenda, se debe ser propiedade ao 100%, se pode ser propiedade compartida...
- No artigo 7, cando se fala dos requisitos económicos, parécenos insuficiente facer o cómputo dos requisitos económicos incrementando só un 10% sobre o IPREM, consideramos que mínimo debería ser un 20%, vemos que no caso de menores, persoas con discapacidade e dependentes da unidade familiar xa é así, polo que consideramos que se inclúa como “dependentes da unidade familiar” ás persoas maiores de 18 anos, no caso de que estén estudando.”

ACTUACIÓNS

Dende o Centro de Servizos Sociais procedeuse á elaboración das bases municipais de Inclusión social presentadas a aprobación do Pleno da Corporación Municipal produciuse tras a análise de necesidades detectadas e de cara a protección das persoas e unidades familiares en maior vulnerabilidade e en risco de exclusión social dentro dun contexto de intervención social e socioeducativo. As axudas de inclusión social parten das intervencións técnico profesionais e constitúen prestacións que acompañan e reforzan os procesos de inclusión social e integración familiar, así como paliar situacións de transitoria necesidade e garantir a cobertura de necesidades básicas.

Tras a aprobación inicial na Sesión Plenaria da Corporación Local, e tras o peche do prazo de alegacións, dende a coordinación de Servizos Sociais e a Unidade de Primeira Atención realízase unha valoración técnica de cada unha das alegacións presentadas polo Grupo Municipal de Marea da Vila da que se da conta no presente informe.

CONCLUSIÓNS

Analizadas as alegacións presentadas se conclúe:

1.- En relación ao primeiro apartado sobre o grao de consanguinidade ata o 4º grado.

Aumentar o grao de consanguinidade para persoas pertencentes a unha única unidade de convivencia produciría un prexuízo á persoa solicitante da axuda. Posto que ao incluír máis membros con outros grados de consanguinidade/afinidade habería que computar tamén os seus ingresos. Co gallo de poder delimitar que se entende por unidade familiar de convivencia, realizar a valoración técnica e garantir proxectos de vida autónomos, contemplamos que ata o 2º grao reflicte os fogares e contextos de convivencia de familia extensa habituais na nosa contorna.

Neste senso no punto 3e) do artigo 4, reflíctese que no caso de convivir dúas unidades familiares (con independencia do grao de parentesco ou consanguinidade) se contemplan como unidades independentes. A motivación desta excepción segue a liña de intervencións individualizadas con

cada unidade familiar e promover e favorecer a definición do seu proxecto de vida como familia autónoma e acceder a recursos e prestacións independentemente dos ingresos da outra unidade familiar coa que compartan vivenda. O mesmo criterio utilízase no punto 3.d) do mesmo artigo.

2.- O artigo 4 delimita que se entende por unidade de convivencia familiar a os efectos das presentes bases, independentemente dos requisitos para acceder a as axudas de inclusión social.

En todo caso, no artigo 5 no seu punto 6 recolle situacións de excepcionalidade coa valoración técnico profesional. A múltiple casuística e historias de vida das persoas e unidades familiares non se pode acoutar, polo que o artigo 6 delimita os requisitos xerais, pero a diagnose e prognóstico do caso así como a intervención técnico profesional integral dentro da acción social fundamentaran as situacións de excepcionalidade.

3.- O procedemento para a tramitación de axudas municipais de inclusión social delimitase no Capítulo IV- Procedementos e tramitación de expedientes.

En todo caso, a diagnose, avaliación e adopción de medidas en canto a tipoloxía de axudas que poida solicitar unha persoa dependerá das entrevistas, a documentación a aportar, a tipoloxía de axuda solicitada e os distintos factores e elementos que conforman a diagnose social.

4.- Atendendo á alegación presentada relativa á porcentaxe de propiedade de vivenda, sería preciso modificar a redacción do seguinte artigo:

Artigo 6.2 "Ostentar total ou parcialmente a propiedade dunha única vivenda en todo o territorio nacional".

5. As axudas municipais de inserción social teñen carácter subsidiario respecto de calquera outra axuda de organismos públicos ou entidades prestadoras de servizos sociais. Polo tanto, tívose en conta a existencia de diferentes axudas públicas ás que as persoas e unidades familiares poden acceder para gastos derivados das súa situación socioeconómica, laboral e convivencial. No artigo 7 establécense os requisitos económicos xerais e outros distintos en función dos gastos da unidade familiar e a garantía de dar resposta ás necesidades básicas. Isto queda reflectido nuns límites mais amplos na tipoloxía de axuda de cobertura de necesidades básicas do artigo 9 punto a. A análise realizouse sobre os procedementos e expedientes tramitados dende o CSS, valorando non ser precisa a ampliación dos límites económico noutras tipoloxías de axuda.

Por outra banda, tomamos como referencia a lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que non contempla como familias de especial consideración a unidades familiares de convivencia con fillos/as maiores de 18 anos no caso que estean estudando.

O que se informa aos efectos oportunos

Polo exposto, propónse aprobar definitivamente as bases reguladoras de axudas municipais de inclusión social, aprobadas inicialmente no Pleno celebrado o 26 de agosto de 2021, coa modificación do artigo 6.2, que queda redactado do seguinte xeito: "ostentar total ou parcialmente a propiedade dunha única vivenda en todo o territorio nacional".

Procederáse á súa publicación íntegra no BOP.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva das bases reguladoras de axudas municipais de inclusión social, aprobadas inicialmente no Pleno celebrado o 26 de agosto de 2021, coa modificación do artigo 6.2, que queda redactado do seguinte xeito: "ostentar total ou parcialmente a propiedade dunha única vivenda en todo o territorio nacional".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno "19 de 21),

ACÓRDASE: aprobar definitivamente as bases reguladoras de axudas municipais de inclusión social, aprobadas inicialmente no Pleno celebrado o 26 de agosto de 2021, coa modificación do artigo 6.2, que queda redactado do seguinte xeito: "ostentar total ou parcialmente a propiedade dunha única vivenda en todo o territorio nacional".
Procederáse á súa publicación íntegra no BOP.

Para acceder a este asunto deberáse pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Sendo as 19 horas despídese a Sra. Interventora Municipal da Corporación Municipal por incorporarse nos próximos días á Xunta de Galicia, como Xefa de Servizo na APLU (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística).

O Sr. Alcalde lle agradece os servizos prestados e lle desexa éxito na nova etapa profesional.

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A POSTA EN MARCHA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS NO PRESENTE MANDATO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 18 de outubro de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de setembro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS NO PRESENTE MANDATO

Exposición de motivos:

Unha democracia plena e viva caracterízase pola capacidade de introducir elementos que amplíen o dereito da veciñanza para fiscalizar e intervir politicamente nas decisións sobre as súas propias vidas e vilas, estruturada arredor dos principios de transparencia e participación. Mais esa participación non se pode circunscribir a que as persoas sexamos simplemente receptoras de información, senón que se debe de sustentar no papel da cidadanía no político, o económico, no social e no cultural, sendo así que a veciñanza participe directamente na construción dunha sociedade mellor. Estes son os principios sobre os que se sustenta unha democracia autenticamente participativa.

O 15M e a aparición de novos espazos políticos, puxeron no centro do discurso este papel da cidadanía como suxeito activo na política o que provocou que en distintos concellos no conxunto do Estado se foran articulando mecanismos que favorezan esta implicación da veciñanza na toma de decisións, nomeadamente aqueles que teñen que ver coa introdución dos orzamentos participativos co fin de impulsar as demandas que a veciñanza entende como transversais e prioritarias no desenrolo das súas vilas. Isto favorece a achega das políticas municipais ás necesidades da veciñanza, pero, ademais, repercute na percepción da mesma como parte do entorno no que viven, posto que se dota de capacidade de decisión sobre o mesmo, o que xera un sentimento de arraigamento e de responsabilidade e coidado con efectos moi positivos sobre o mesmo e ademais resulta un antídoto contra a desafección da cidadanía respecto das institucións e limita o efecto dos discursos antipolíticos.

Neste sentido, en Galicia concellos como Santiago de Compostela, A Coruña ou Ames foron

pioneiros impulsando importantes avances que recoñecen o dereito da veciñanza á participación na xestión municipal, así como a súa capacidade non só para escoller aos seus representantes, senón de tomar

decisións respecto ao gasto do orzamento, algo que é de todas e todos e para o ben común. Se ben temos que lamentar que no presente mandato Santiago de Compostela e A Coruña deron pasos atrás neste senso, A Coruña vén de recuperar os orzamentos participativos para o próximo exercicio, dado que xa se trata dunha ferramenta recoñecida positivamente por parte da veciñanza.

Mediante os orzamentos participativos por un lado se decide o destino dunha parte dos investimentos municipais e, por outro, a veciñanza se constitúe no pilar fundamental para a vila do futuro, xerándose ademais espazos de comunidade para a solución dos retos da mesma. Sendo a veciñanza quen afronta as situación das súas parroquias e barrios de maneira cotiá, está nas súas mans tamén a solución das mesmas. Porque ninguén coñece mellor que a veciñanza os lugares nos que vive, ninguén mellor para valorar as necesidades e propoñer alternativas.

Convén que a introdución dos orzamentos participativos, que se sufragarán segundo a cantidade asignada para tal fin no capítulo de investimentos, se realice no noso concello de maneira gradual asociándose a unha serie de eixos que permitirán que a veciñanza decida sobre cuestións que son estratéxicas para o futuro da nosa vila. Proponse que estes eixos sexan:

- Investimentos no conxunto do rural.
- Mocidade.
- Muller.
- Cultura.
- Medio Ambiente.

A “Red Estatal por los Presupuestos Participativos” fixa os principios necesarios para que un proceso de orzamentos participativos poida obter tal catalogación, este baséase fundamentalmente en: a existencia dun proceso deliberativo previo á toma de decisións, os criterios de inclusión e xustiza social, mecanismos de seguimento dos acordos e rendición de contas. Do mesmo xeito, deben cumprir os tres principios básicos: universalidade (unha persoa, un voto); auto-regulamentación (as persoas participantes deciden as normas do proceso participativo) e o carácter vinculante (a Corporación Municipal asume o resultado do debate e votación da cidadanía).

Consideramos ademais que, tras case dous anos de pandemia, a veciñanza viu limitada a súa capacidade para intervir na política municipal e que o retorno á normalidade debería ir acompañado coa asunción de novos retos en común (como sería a ampliación dos dereitos democráticos da veciñanza), establecendo unha estratexia para a posta marcha dos orzamentos participativos antes de que acabe o presente mandato.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1.- Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a elaborar unha proposta de Regulamento para a posta en marcha no noso municipio dos Orzamentos Municipais Participativos antes de que finalice o presente mandato, así como a implantación dos mecanismos necesarios de participación cidadá respectando os principios de igualdade, solidariedade e equilibrio entre os distintos barrios e núcleos de poboación do termo municipal.

2.- Establecer un orzamento de partida de 200.000€ para a posta en marcha dos orzamentos participativos antes da fin do mandato, planificando o seu incremento gradual nos anos seguintes. Definiranse os eixos prioritarios de investimento dos orzamentos participativos e a cantidade a distribuír dividíndose entre cada un deses eixos, asignando unha maior cantidade segundo a prioridade que se estableza para cada un deles (por exemplo: investimentos no conxunto do rural, mocidade, muller, cultura, medio ambiente...).

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos no presente mandato.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e trece abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

1.- Elaborar unha proposta de Regulamento para a posta en marcha no noso municipio dos Orzamentos Municipais Participativos antes de que finalice o presente mandato, así como a implantación dos mecanismos necesarios de participación cidadá respectando os principios de igualdade, solidariedade e equilibrio entre os distintos barrios e núcleos de poboación do termo municipal.

2.- Establecer un orzamento de partida de 200.000€ para a posta en marcha dos orzamentos participativos antes da fin do mandato, planificando o seu incremento gradual nos anos seguintes. Defínense os eixos prioritarios de investimento dos orzamentos participativos e a cantidade a distribuír dividíndose entre cada un deses eixos, asignando unha maior cantidade segundo a prioridade que se estableza para cada un deles (por exemplo: investimentos no conxunto do rural, mocidade, muller, cultura, medio ambiente...).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir o Sr. alcalde modifica a orde do día da sesión plenaria pasando a tratarse o asunto que figura co n.º 19 da mesma, que se transcribe a continuación co n.º 15.

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A QUE GARANTA O MANTEMENTO ÓPTIMO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE A LOMBA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta de moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 19 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de outubro de 2021 a seguinte MOCIÓN:

”Instar ao goberno local a que garanta o mantemento óptimo do campo de fútbol municipal de A Lomba”

EXPOÑEN

Ao longo dos últimos anos vense constatando unha situación de abandono no mantemento do céspede do campo de fútbol municipal de A Lomba. Concretamente no que se refire á irregularidade do terreo e á sequidade da herba.

Tanto a afición do Arosa S.C. e do Atlético Arousana, como os socios dos referidos equipos e a propia cidadanía de Vilagarcía levan tempo manifestando o seu rexeitamento e incompreensión ante esta situación que, por outra banda, prexudica notablemente á imaxe da nosa cidade e do noso deporte.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

SOLICITA

1. Que o goberno local de Vilagarcía tome as decisións e acometa as accións de mantemento necesarias para asegurar as óptimas condicións do terreo de xogo do campo de fútbol municipal de A Lomba e garantir así que o estado do campo non prexudique ao desenvolvemento do xogo nin á imaxe que se transmite da nosa cidade.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao goberno local a que garanta o mantemento óptimo do campo de fútbol municipal de A Lomba.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e que o goberno local de Vilagarcía tome as decisións e acometa as accións de mantemento necesarias para asegurar as óptimas condicións do terreo de xogo do campo de fútbol municipal de A Lomba e garantir así que o estado do campo non prexudique ao desenvolvemento do xogo nin á imaxe que se transmite da nosa cidade.o goberno local de Vilagarcía tome as decisións e acometa as accións de mantemento necesarias para asegurar as óptimas condicións do terreo de xogo do campo de fútbol municipal de A Lomba e garantir así que o estado do campo non prexudique ao desenvolvemento do xogo nin á imaxe que se transmite da nosa cidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA EN DEFENSA E APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS FEITAS POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, coa data de 18 de outubro de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de outubro, a seguinte moción:

MOCIÓN EN DEFENSA E APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS FEITAS POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Antes da pandemia da Covid-19 a Atención Primaria xa atravesaba unha profunda crise

estrutural, con déficit de profesionais pola falta de adecuación dos cadros de persoal as necesidades poboacionais, a non renovación de xubilacións, baixas e vacacións e as demoras e masificación na asistencia, como consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos sucesivos gobernos do Partido Popular. Na actualidade, os orzamentos na Atención Primaria apenas supoñen o 12 % do orzamento sanitario total, que é evidentemente insuficiente e é urxente incrementalalo.

Durante a pandemia, en Atención Primaria priorizouse a atención telefónica sobre a presencial o que impediu o acceso dos pacientes aos centros sanitarios e reduciuse o aforo das salas de agarda obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros de saúde. Suspendeuse a realización de probas e controles de saúde periódicos, sobre todo en pacientes con patoloxías crónicas. Estas medidas para evitar a transmisión, están tendo consecuencias negativas na calidade da atención que reciben as e os cidadáns, entre elas o atraso no diagnóstico de patoloxías como as tumorais.

Hoxe temos agardas de máis de 10-12 días para recibir atención médica de forma telefónica no Centro de saúde, que poden chegar a un mes para unha consulta presencial, o que non é comprendido pola cidadanía e orixina nela un sentimento de abandono e desprotección por parte do Sistema Sanitario Público.

O contacto e a relación médico-paciente constitúe o alicerce fundamental da Atención Primaria, polo que manter esta modalidade de consulta telefónica ou telemática como base da atención sanitaria supón unha enorme limitación da accesibilidade, racionalidade e calidade do modelo sanitario. Isto xera malestar social e profesional que vai en aumento, cun deterioro da imaxe do Sistema Sanitario Público.

Durante os meses de confinamento, as traballadoras e os traballadores da Sanidade Pública recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía ao labor desenvolvido en durísimas condicións. Este recoñecemento abría a esperanza de que, tras o estado da alarma sanitaria, o SERGAS impulsaría medidas e reformas para mellorar e fortalecer esta primeira liña asistencial, tal como recomendan as sociedades científicas, axentes sociais e sindicais. Lamentablemente a realidade é ben distinta e a cidadanía atopamos a mesma precariedade anterior acrecentada por unha atención baseada en primar consultas telefónicas sobre as presenciais e con restricións de acceso ao Centro de Saúde.

Hai que recuperar a atención presencial e o acceso aos centros o antes posible, para evitar un maior deterioro do propio sistema e empeorar os datos de saúde da poboación.

As barreiras de acceso á Atención Primaria favorece a privatización, coa correspondente fuxida das persoas con maior capacidade económica aos seguros privados (na actualidade xa supón un 20% da poboación) e a desprotección das persoas con menos recursos, en consecuencia un aumento da inequidade.

Para revertir esta situación, é preciso:

- A apertura dos Centros de Saúde, con consultas 100% presenciais como única maneira de garantir a igualdade de oportunidades á poboación, nun entorno seguro que manteña as medidas hixiénicas e sanitarias: máscaras e distancia de seguridade.
- Reapertura de tódolos Consultorios existentes e que foron pechados pola pandemia de Covid-19.
- Mellorar a accesibilidade acabando coas listas de espera, co desdoblamento das consultas e o incremento de persoal para a súa atención. Limitando as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias, que non limiten ou interfiran a necesaria relación persoal e presencial entre traballadores e traballadoras da Atención Primaria e a poboación, e que non sigan discriminando aínda máis ás persoas maiores ou con dificultades de acceso no manexo das novas tecnoloxías.
- Incrementar de maneira urxente o orzamento sanitario destinado a Atención Primaria. O obxectivo sería acadar o 25% do presuposto en 5 anos.
- Contratar e acabar coa precariedade laboral do persoal, implementando un “Plan de Mellora da Atención Primaria” que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura ás necesidades de saúde da poboación.

Dende Podemos – Marea da Vila apoiamos a consideración feita pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia: É urxente un cambio de política sanitaria da Xunta que poña en marcha medidas extraordinarias e urxentes, polo que esixen ao SERGAS e o Goberno Galego:

- A recuperación da accesibilidade aos centros asistenciais. Atención 100% Presencial XA!!
- Incremento do cadro de persoal, nos Centros de Saúde de Galicia.
- Repoñer a Xerencia de Atención primaria que eliminaron, como forma de organización específica da área e presuposto propio e non dependente do hospital de referencia.

A Xunta de Galicia do Sr. Nuñez Feijoo é o único responsable do deterioro da Atención Primaria en beneficio da sanidade privada. Se non facemos unha forte presión social e profesional para conseguir cambios de calado, a nova realidade pos-pandemia pode deteriorar aínda máis a situación que vimos padecendo dende hai moito tempo.

A plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, tras o traballo que están a realizar as Plataformas en Defensa da Sanidade Pública nos ámbitos locais, vai convocar unha Manifestación o Domingo 14 de

Novembro, as 12 h., en Santiago de Compostela, baixo o lema : “SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA”, para revertir esta situación.

Polo exposto propoñemos ao pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa os seguintes

ACORDOS:

1. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa quite un comunicado institucional de apoio á manifestación convocada por SOS Sanidade Pública de Galicia convocada para o domingo 14 de novembro, as 12.00h en Santiago de Compostela.
2. Que esta Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa poña a disposición da veciñanza autobuses gratuítos para quen queira asistir a dita manifestación. Estes autobuses podían ser xestionados a través das Web do concello, para solicitude das prazas e ir cubrindo o aforo dos mesmos e non gastar recursos de maneira innecesaria.
3. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa dea traslado ao SERGAS e ao Goberno da Xunta de Galicia as medidas urxentes que demandan dende a plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia para a recuperación da AP: Recuperación da accesibilidade aos centros asistenciais. Atención 100% Presencial XA!!

Incremento do cadro de persoal, nos Centros de Saúde de Galicia.

Reposición da Xerencia de Atención primaria eliminada, como forma de organización específica da área e presuposto propio e non dependente do hospital de referencia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila en defensa e apoio ás reivindicacións feitas pola plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia.

- Auséntase da sesión o Sr. Mouriño Santiago.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (11), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), unha abstención, do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos (1), e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e:

1. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa quite un comunicado institucional de apoio á manifestación convocada por SOS Sanidade Pública de Galicia convocada para o domingo 14 de novembro, as 12.00h en Santiago de Compostela.

2. Que esta Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa poña a disposición da veciñanza autobuses gratuítos para quen queira asistir a dita manifestación. Estes autobuses podían ser xestionados a través das Web do concello, para solicitude das prazas e ir cubrindo o aforo dos mesmos e non gastar recursos de maneira innecesaria.

3. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa dea traslado ao SERGAS e ao Goberno da Xunta de Galicia as medidas urxentes que demandan dende a plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia para a recuperación da AP: ? Recuperación da accesibilidade aos centros asistenciais. Atención 100% Presencial XA!!

Incremento do cadro de persoal, nos Centros de Saúde de Galicia.

Reposición da Xerencia de Atención primaria eliminada, como forma de organización específica da área e presuposto propio e non dependente do hospital de referencia.

- Incorpórase á sesión o Sr. Mouriño Santiago.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN DE MELLORA DE TRANSPARENCIA SOBRE OS DATOS DO GOBERNO LOCAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 20 de outubro de 2021, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción mellora da transparencia sobre os datos do goberno local

Exposición de Motivos.

Esta semana observamos como o goberno mentía descaradamente a cidadanía sobre o salario do alcalde, así segundo o Alcalde debido a un erro, o concello trasladou ao ISPA que o alcalde percibía un salario de 45.200€ cando a realidade segundo figura nas actas do pleno este salario é de 52.799€, sen ter en conta as dúas actualizacións que o goberno fixo sobre os seus salarios.

O goberno en lugar de rectificar esta información pública que apareceu en toda a prensa, e que colocaba ao noso alcalde como un dos alcaldes con salarios máis modestos da provincia, quedou calado para ocultar a realidade, que o seu salario é o segundo da comarca e maior incluso que o do alcalde de Santiago de Compostela.

Unha vez máis o goberno local usa a mentira como método de actuación, xa que este dato foi dado de forma incorrecta cando menos nas tres últimas anualidades. Un Erro que ben moi ben a promoción pública da alcaldía.

Ademais na web de transparencia do concello, este dato está convenientemente oculto tras cando menos catro enlaces previos, e se ofrece sen a actualización correspondente as actualizacións realizadas nos dous últimos anos.

Esta falta de transparencia é un método mentiroso que se repite de forma habitual, chegando incluso a afirmar o goberno na prensa, ante a evidencia de que un concelleiro liberado estivo sen traballar 3 meses recibindo o 100% do salario en vez de coller unha baixa, que o goberno local se beneficia dos mesmos acordos laborais do resto da plantilla, isto é falso ademais de ilegal. De ser certo terí que cando menos cumprir tamé o horario laboral, algo que evidentemente non se cumpre. Pero incluso nese caso o concello terí abonado unicamente a diferenza entre o 60% que corresponde por baixa laboral e o 100%, asumindo o resto, cotización incluía a seguridade social. Unha utilización do diñeiro público que para o noso grupo é indecente.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Comú, propo a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía acorda Primeiro.- Establecer na web de transparencia unha pantalla coa

información actualizada dos salarios cobrados da corporación, accesible dende a primeira interface e sen ter que descargar ningún arquivo.

Segundo.- Facer pública a axenda dos membros do goberno local, así como os horarios de atención ao público de existir. Esta axenda debe incluír datos de cando estean en libranza por vacacións.

Terceiro.- Trasladar ao conxunto da corporación os datos actualizados de remuneración dos concelleiros con dedicación total ou parcial.

Cuarto.- Dar conta, si existe, do acordo polo que os concelleiros con dedicación exclusiva reciben un complemento do 100% do salario en caso de IT.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase desfavorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común de mellora de transparencia sobre os datos do goberno local.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e doce votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común de mellora de transparencia sobre os datos do goberno local.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN PARA A REHABILITACIÓN DO PECHE PERIMETRAL DO PARQUE DA COMPOSTELA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 28 de outubro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 18 de outubro de 2021, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Manuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Rehabilitación peche perimetral parque da Compostela.

Exposición de Motivos.

Dende comezos do presente século, Vilagarcía non é precisamente un exemplo a hora de conservar o seu patrimonio e preservar a súa personalidade como vila, así o boom urbanístico e a falta dun proxecto conocido de cidade foron acabando cos referentes históricos da cidade.

Apenas perduran un feixe de elementos históricos que recordan o que foi o pasado lustroso da nosa vila, así entre os espazos singulares da nosa cidade atopamos os xardíns da Compostela, froito da donación durante os anos 30 do século XX, dunha parte dos xardíns de Artime que foran

segregados pola construción da carretera que daba servizo a nova liña de tren.

Este xardín con gran variedade de especies e situado ao carón do paseo marítimo debe ser sen dúbida un dos lugares de referencia para a conservación do noso patrimonio e foco de atracción para o lecer da nosa cidadanía pero tamén do turismo, así recentemente o concello ven de facer unha importante inversión para a consecionaria do quiosco situado no propio xardín, esta inversión contrasta coa deixadez de parte do espazo e sobre todo do característico peche que separa o xardín da Avda Rosalía de Castro, que garda entre outras elementos importantes, as accesos históricos, que son emblema de Vilagarcía e figuran en numerosas referencias turísticas do noso concello. Hoxe ese peche presenta un estado calamitoso, absolutamente oxidado e en risco de caída e desaparición. É posible que xa cheguemos tarde pero debemos actuar antes de que a situación sexa irreversible. Esta mesma semana observamos como o goberno local ven de solicitar enormes cantidades para a realización de novas infraestructuras na Praia da Concha Compostela, cando é incapaz de manter o que xa existe.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía acorda:

Primeiro.- Realizar de forma preferente os traballos de rehabilitación e conservación do peche de ferro perimetral do xardín da Compostela.

Segundo.- Revisar a salubridade do conxunto do espazo iniciando os traballos de recuperación das especies do xardín e incrementado o número destas, de tal forma que se recupere na medida do posible a fisonomía que tiña este espazo.

Terceiro.- Negociar cos actuais propietarios da outra parte do xardín, os mecanismos que permitan dar a coñecer e utilizar como atractivo turístico, especies como o ciprés calvo dos xardíns de Artime que figura actualmente no catálogo de árbores senlleiras de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a rehabilitación do peche perimetral do Parque da Compostela.

- Polo Concelleiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común retírase o apartado terceiro da moción, debido aos argumentos expostos pola voceira do grupo municipal do PP.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde, sen o apartado 3º da mesma, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común e:

Primeiro.- Realizar de forma preferente os traballos de rehabilitación e conservación do peche de ferro perimetral do xardín da Compostela.

Segundo.- Revisar a salubridade do conxunto do espazo iniciando os traballos de recuperación das especies do xardín e incrementado o número destas, de tal forma que se recupere na medida do posible a fisonomía que tiña este espazo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE RETOME O PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA DE COMPOSTELA.

Pola voceira do grupo político municipal do PP se solicita a retirada deste asunto, por estar tramitándose no Ministerio a contratación do tramo II do Paseo Marítimo, segundo as explicacións recibidas do Sr. Alcalde.

A continuación polo sr. Alcalde retirase este asunto da orde do día da sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- INTERPELACIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN SOBRE A SITUACIÓN DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL A LOMBA.

Dáse conta da interpelación presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 20 de outubro de 2021, do seguinte teor:

INTERPELACIÓN: Situación do campo municipal de Fútbol de A Lomba.

A situación campo de Fútbol municipal de Lomba leva sendo un auténtico sainete dende cando menos unha década, o déficit de mantemento e as continuas desfeitas do céspede son xa, por desgracia, unha parte da paisaxe social da nosa vila.

O actual concelleiro delegado de deportes, cando estaba na oposición solicitaba do goberno anterior que escoitase aos clubs e a oposición, este concelleiro hoxe no goberno repite e amplifica os mesmos males, non é quen se quera de acadar que o campo da Lomba “so se deteriore ao final da temporada”, isto que non é máis que unha brincadeira que demostra o desleixo deste concelleiro coa súa área.

Como é posible que o campo estea absolutamente deteriorado cando apenas se ten utilizado nos últimos meses, como é posible que a empresa que recibe preto de 50.000€ para este cometido sexa incapaz de realizar de forma correcta o mantemento, si a isto engadimos o enorme gasto realizado polo concello para mercar a nova cortacespede que iba a solucionar todos os problemas, non podemos evitar pensar que non se trata só de ineptitude se non incluso pode tratarse de intencionalidade.

O responsable da situación, que é un problema para os clubs que utilizan o espazo, pero tamén dende logo para toda a cidade pola lastimosa imaxe que trasmitimos, debería asumir a súa responsabilidade ante a evidencia da súa palmaria incapacidade para dar solución a algo que debería ter unha solución inmediata, no fondo subxace a incapacidade deste goberno de manter as cousas, de fiscalizar as empresas que traballan para o concello, en definitiva de facer o traballo para o que reciben un salario público.

Unha vez máis observamos con absoluta desesperación as mesmas excusas do concelleiro, que si un fungo, que si a choiva, que si o exceso de uso, sempre unha excusa para tapar a inoperancia. Cando menos o concello debería recuperar o custe dun servizo que se demostra que no se presta de forma correcta, non pode consentirse que non se realicen os traballos e os únicos penalizados sexan os usuarios do espazo.

Esta situación que é moi evidente na Lomba, repítese incluso nos campos de herba artificial como o Manuel Gimenez ou Berdón, xa que o céspede artificial de ambos campos presenta un maior deterioro do desexable por falta dun coidado diario eficaz, incluíndo os inexistente protocolos de mantemento antes e despois de cada uso.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal de Vilagarcía en Común formula ao concelleiro delegado de Deportes

INTERPELACIÓN:

1. - Que esta a facer o Goberno local para adoptar unha solución definitiva a situación do campo da Lomba
2. - Que responsabilidades vai esixir a empresa que realiza o mantemento ante a evidencia de que este non se está efectúa da mellor forma posible.
3. - Cales son os coidados que recibe o campo da lomba de forma diaria ou semanal.

4. - Ten previsto habilitar algún tipo de sanción ante o incumprimento das responsabilidades sobre o mantemento.
5. - Vai asumir algunha responsabilidade o concelleiro delegado ante a súa palmaria ineficacia para resolver a situación.
6. - Estanse a pagar cantidades extras a empresa cada vez que acontece algunha incidencia deste tipo.
7. - Cal é o volume e carencia de rego da instalación
8. - Cando e como se producen os traballos de abono ou escarificado do campo.
9. - Existe algún responsable do seguimento diario da instalación
- 10.- Que coidados diarios e semanais se realizan sobre o resto de campos municipais de herba artificial

- Polo Concelleiro Delegado de Deportes D. Argimiro Serén Mera, respóndese a tódalas preguntas formuladas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

21.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=21>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

22.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde indica que se contestarán no seguinte Pleno Ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=22>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

23.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente á sesión non se formulan preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211028&punto=23>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:15, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.